

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE XULIO CAMBA  
CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Obxectivos e criterios de avaliación.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Obxectivos e criterios de avaliación

Obxectivos	Criterios de avaliación
<b>Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal</b>	
Recoñecer, nomear e representar as partes do corpo, respectando as características dos demais e valorando a diversidade como unha realidade enriquecedora.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Chega á representación completa do esquema corporal.</li><li>- Fai unha descrición axeitada doutra persoa.</li></ul>
Regular o propio comportamento ás necesidades e condutas doutros/as en actividades cotiás e xogos, respectando e colaborando cos demais.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Acepta ter que esperar a súa quenda.</li></ul>
Adquirir progresivamente autonomía e iniciativa na realización das actividades habituais e na resolución de problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Persevera na realización das súas actividades e na busca de estratexias para a resolución dos problemas cotiás.</li><li>- Esfórzase na realización das tarefas.</li></ul>
Progresar na adquisición de hábitos e actitudes saudables de hixiene, alimentación e descanso.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Ao rematar unha actividade de pequeno grupo, colabora para ordenar o material.</li></ul>
<b>Coñecemento do contorno</b>	
Recoñecer e indagar o medio físico, manipulando algún dos seus elementos e identificando as súas características, propiedades e usos, desenvolvendo a capacidade de producir transformacións neles.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Describe propiedades e características de obxectos ou coleccións atendendo a diversos criterios.</li></ul>
Explorar e identificar formas planas, tridimensionales e corpos xeométricos da contorna.	<ul style="list-style-type: none"><li>- Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos pola forma.</li><li>- Explora ludicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais.</li></ul>
Iniciarse nas habilidades matemáticas manipulando elementos, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións,	<ul style="list-style-type: none"><li>- Asocia algúns números coas cantidades.</li><li>- Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.</li></ul>

orde e cuantificación, utilizando a serie numérica.	
Desenvolver o pensamento matemático, realizando operacións de cálculo simples e funcionais e propoñendo e resolvendo problemas sinxelos da vida cotiá.	- Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual).
Adquirir progresivamente a noción do paso do tempo, mediante as actividades cotiás e o uso do calendario, empregando o vocabulario adecuado.	- Diferenza as nocións temporais de : pola mañá, pola tarde, pola noite.
Orientarse espacialmente de forma correcta un mesmo/a, os obxectos e as demais persoas, empregando as nocións espaciais adecuadas.	- Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
Coñecer o medio natural, observar e recoñecer características e funcións vitais nos seres vivos e elementos e fenómenos da natureza, desenvolvendo actitudes de curiosidade e coidado e valorando a súa importancia.	- Relaciona determinados animais co seu hábitat natural. - Valora a utilidade e a importancia dos animais e plantas para o home.
Formular hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas sobre as causas e consecuencias de fenómenos naturais e expresar os resultados obtidos.	- Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.
Recoñecer as características e valores dos grupos sociais próximos: familia e escola, adaptando a conduta ás normas que os rexen, desenvolvéndose neles con seguridade e autonomía e xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.	- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula. -Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...).

Recoñecer as manifestacións culturais próximas e doutras realidades, gozar con elas, valoralas e mostrar interese e respecto.	- Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións.
<b>Linguaxes: comunicación e representación</b>	
Utilizar a lingua oral con claridade e rigor para comunicarse e expresar ideas, sentimentos e emocións; facer peticións e regular a propia conduta e a dos demais, usando argumentos e respectando e escoitando os dos demais.	- Fai achegas coherentes ás conversas en grupo. - Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.
Comprender as mensaxes orais doutros/as, familiarizándose coas normas que rexen os intercambios comunicativos e adoptando unha actitude favorable cara á comunicación.	- Comprende a idea central dunha explicación. - Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas.
Achegarse e interesarse pola lingua escrita a través de distintos tipos de textos.	- Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións.
Iniciarse no uso de código escrito en palabras, frases e textos significativos e funcionais.	- Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.
Utilizar de forma correcta e valorar a biblioteca como fonte de coñecemento e pracer	- Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
Descubrir e distinguir algúns elementos, materiais e técnicas que forman a linguaxe plástica, utilizándoos como recursos de expresión.	- Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
Interpretar cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.	- Coordina as súas accións corporais coas das demais nenas e nenos.
Identificar, coidar e usar algúns medios audiovisuais e TIC de forma moderada e crítica; identificándoos como fontes de información e goce.	- Manexa o rato do ordenador.

<b>2. Avaliación</b>	
<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos</u> : Revisión dos boletíns informativos do primeiro e segundo trimestre. Análise das producións realizadas tanto impresas como audiovisuais e dos datos e informacións proporcionadas polas familias.
	<u>Instrumentos</u> : Fichas impresas de repaso e reforzo dos contidos traballados no 1º e no 2º trimestre. Tarefas subidas á Aula Virtual. Análise das fotos e vídeos dos traballos enviados polo alumnado. Fichas de seguimento propostas.
<b>Cualificación final</b>	A avaliación en Ed. Infantil basease na observación directa da realización das actividades propostas. Teranse en conta os resultados obtidos nas avaliacións do 1º e 2º trimestre e as actividades de repaso/reforzo propostas ás familias.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados, enfocadas de maneira globalizada a través do proxecto anual. Formato: impreso e vídeo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><u>Alumnado con conectividade</u>: semanalmente súbense as tarefas á Aula Virtual, dando orientacións as familias para a súa realización. Tamén se proporcionan suxestións para traballar os contidos de un xeito lúdico.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade</u>: facilítanselles as tarefas impresas dende o centro para que poidan levalas a cabo.</p> <p>En calquera dos dous casos, tense contacto permanente e fluído coas familias, a través da aplicación Abalarmóbil e do correo electrónico da aula, creado para este fin. Será nese correo onde as familias envíen os traballos realizados, mediante fotos ou vídeos para o seu seguimento. E a través do Abalar, onde se procede a enviar orientacións, se é o caso, e continuar co proceso de titorización.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Fichas impresas de repaso/reforzo.</p> <p>Recursos online: Aula virtual e enlaces a distintas páxinas web.</p> <p>Materiais dos que dispoñan na casa.</p> <p>Vídeos.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Web do centro, Aula virtual, Abalarmóbil, correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

